

**RECLAMACIÓN “CLÁUSULA CHÁN” A TRAVÉS DO SISTEMA DE RECLAMACIÓN PREVISTO NO REAL DECRETO-LEI 1/2017, DE 20 DE XANEIRO, DE MEDIDAS URXENTES DE PROTECCIÓN DE CONSUMIDORES E USUARIOS EN MATERIA DE CLÁUSULAS CHÁN.**

(indicar a entidade financeira no que se ten a hipoteca)

<b>Nome</b>	
<b>DNI</b>	
<b>Enderezo</b>	
<b>Teléfono de contacto</b>	
<b>Entidade financeira</b>	
<b>Nº de préstamo hipotecario</b>	

O 21 de decembro de 2016, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea ditou sentenza na que literalmente falla:

*El artículo 6, apartado 1, de la Directiva 93/13/CEE del Consejo, de 5 de abril de 1993, sobre las cláusulas abusivas en los contratos celebrados con consumidores, debe interpretarse en el sentido de que se opone a una jurisprudencia nacional que limita en el tiempo los efectos restitutorios vinculados a la declaración del carácter abusivo, en el sentido del artículo 3, apartado 1, de dicha Directiva, de una cláusula contenida en un contrato celebrado con un consumidor por un profesional, circunscribiendo tales efectos restitutorios exclusivamente a las cantidades pagadas indebidamente en aplicación de tal cláusula con posterioridad al pronunciamiento de la resolución judicial mediante la que se declaró el carácter abusivo de la cláusula en cuestión.*

Así, a citada sentenza elimina a limitación de retroactividade determinada polo Tribunal Supremo na súa sentenza 241/2013 do 9 de maio de 2013.

O 21 de xaneiro de 2017 entrou en vigor o *Real decreto-lei 1/2017, de 20 de xaneiro, de medidas urxentes de protección de consumidores en materia de cláusulas chán* que ten por obxecto o establecemento de medidas que faciliten a devolución das cantidades indebidamente satisfeitas polos consumidores ás entidades de crédito en aplicación de determinadas cláusulas chan contidas nos contratos de préstamo ou crédito garantidos con hipoteca inmobiliaria.

Tendo en conta todo o que antecede, e como queira que eu teño un préstamo garantido cun contrato de hipoteca inmobiliaria coa entidade indicada máis arriba, no que se incorporou unha cláusula das denominadas “Cláusula chan”, nula segundo a citada sentenza do Tribunal supremo, é polo que procede que se me reintegren todas aquelas cantidades indebidamente cobradas.

No caso de estimar a devolución reclamada, solicito se me comunique a cantidade a devolver informando de xeito desagregado o cálculo levado a cabo por esa entidade para determinar a dita contía a devolver, desagregando o dito cálculo con todos aqueles elementos necesarios como a indicación das cotas obxecto de devolución coa súa data, capital sobre o que se calcularon, tipo de xuro aplicado no seu día e tipo de xuro aplicado para o cálculo das cantidades a devolver, así como a indicación das cotas que non son obxecto de devolución coa súa data, capital sobre o que se calcularon e tipo de xuro aplicado no seu día; todo isto para poder manifestar, de acordo co establecido no art. 3.3 Real decreto-lei 1/2017, o meu rexeitamento do cálculo feito ou o acordo ao mesmo e poder acordar con esa entidade a devolución do efectivo.

Ademais, nese detalle esa entidade deberá incluír necesariamente, tal como se establece no art. 3.2 do citado Real decreto-lei 1/2017, as cantidades que correspondan en concepto de xuros e o principal ao que se refire.

Por outra parte, no suposto de que por esa entidade se considere que a devolución non é procedente, solicito me comuniquen as razóns en que se motiva a súa decisión, en especial no suposto de entender que cláusula chan do meu contrato non ten carácter de abusiva, se me razoe esa decisión en relación con cada un dos criterios establecidos na sentenza 241/2013 do 9 de maio de 2013 para entender unha cláusula chan como abusiva.

En todo caso, **entenderei que son estes os únicos motivos de denegación, co fin de adoptar as accións oportunas para garantir os meus dereitos.**

En todo caso, tamén no suposto de non acceder á devolución reclamada, solicítase se me informe de xeito desagregado das cotas satisfeitas ata hoxe coa súa data, capital sobre o que se calcularon e tipo de xuro aplicado a cada unha delas.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Ado. \_\_\_\_\_